

Quebra das políticas nacionais

Description

Cando alguén como Jean-Claude Trichet, Presidente do Banco Central Europeo, empeza a decatarse de que a estabilidade financeira da zona euro pode alterarse polas malas políticas fiscais dalgúns países e de que as responsabilidades específicas de cada país son a causa principal desas malas políticas que cómpre corrixir, algo se move. (*Le Monde*, 3 xuño).

O mesmo Trichet nos di que a vixilancia das políticas fiscais, os cambios na competitividade das economías da zona euro e as reformas estruturais deben ser radicalmente melloradas. Somos –di– unha federación de diñeiro. Agora cómpre una federación fiscal para o control e seguimento das finanzas públicas.

Dito doutra maneira: Trichet estanos dicindo que é indispensable que a UE faga e manteña unha política orzamentaria común –o que non é nada novo. Pero, á par, está suxeríndonos que Europa debe dotarse dunha política económica común, por riba e máis alá das políticas nacionais, ben fracasadas ao día de hoxe.

E, sen moito esforzo, cabe chegar á conclusión de que a UE debe dotarse dunha política común en materias que exceden dos intereses nacionais, e que son moitas e esenciais, pois eses intereses son os que máis teñen dificultado a evolución de Europa como unidade.

Como ben dixo recentemente Alain Touraine, é unha urxencia histórica desta hora que Europa acade de novo o camiño que emprendera despois da segunda guerra mundial. De non acadar axiña ese liderato político, o noso destino pode ser caer nun cavorco de moi difícil e, ao mellor, case imposible saída.

[Acceso ao artigo orixinal no repositorio web 1998-2012](#)

APARTADOSTEMATICOXEOGRAFICOS

Europa ARQUIVO

IDIOMA

Galego

Date Created

Xuño 10, 2010

Meta Fields

Autoría : 10029

Datapublicacion : 2010-06-10 00:00:00